

**SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES DO DÍA
24 DE MARZO DE 2022**

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E
DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO**

Rogos do PP presentados por escrito

1º Á vista das contestacións realizadas pola concelleira competente nas pasadas comisións informativas do mes de xaneiro e febreiro de 2022 respecto dos contratos celebrados polo noso concello co propietario ou propietarios dos vehículos utilizados polos concelleiros de goberno na cabalgata de Reis deste ano 2022, desde o Grupo Municipal Popular solicitamos se dea cumprimento, á maior brevidade posible, ao interesado mediante escrito do 2 de febreiro de 2022 e se remita relación de facturas recibidas no Concello de Cambre pola Asociación Escaravello Club de Galicia desde o ano 2015 ata o día de hoxe, acompañada de copia das facturas correspondentes.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, acepta o rogo. Di que a día de hoxe non consta presentada aínda ningunha factura pero que, en canto cheguen, se lles facilitarán.

2º Aprobado o deseño e realizado o encargo, na anterior lexislatura, das medallas dos membros da Corporación de Cambre, o certo e verdade é que varios anos despois da súa aprobación, os concelleiros da Corporación non temos recibido as referidas medallas, razón pola cal desde o Grupo Municipal Popular interesamos do señor alcalde a entrega aos concelleiros das medallas da Corporación.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, di que as medallas están feitas, que soamente falta a inscrición, e anuncia que ela renuncia á súa.

Rogos PP presentados de forma oral

1.- Que se conteste, á maior brevidade posible, aos escritos presentados por rexistro telemático polo grupo municipal popular e que aínda seguen sen contestar.

2.- Que se conteste en forma e prazo ás solicitudes de informe requiridas pola Valedora do Pobo de Galicia ao Concello/Goberno Local de Cambre, sen esperar a recibir o terceiro requirimento da Valedora.

3.- Que se conteste en forma e prazo ás solicitudes de informe requiridas polo Defensor do Pobo ao Concello/Goberno Local de Cambre, sen esperar a ser sucesivamente requirido polo mesmo para dar cumprimento ao solicitado por dita Institución.

Rogos de AV presentados por escrito

1º No Consello Escolar Municipal as sesións son gravadas para unha maior exactitude para a realización das actas e para confirmar informacións. É un tema recorrente e volvemos a reforzalo, rogando que se faga o mesmo procedemento coas comisións informativas.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, non acepta o rogo, e di que o contido público das comisións informativas xa está publicado na páxina web.

Don Raúl Varela Fraguío di que o que solicita é unha gravación da sesión para que as intervencións dos concelleiros queden recollidas na súa literalidade, pois desta forma é imposible.

Don Juan González Leirós contesta que reciben a mensaxe.

2º Sorprende e é de celebrar o convenio que se asinou entre Profand e o concello. Rogamos sexa remitida unha copia do documento a todos os membros da oposición para coñecer as características do dito convenio.

Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, acepta o rogo.

Rogos de C's presentados por escrito

1º O 23 de novembro de 2021 solicitamos por rexistro información achega do control que se exerce sobre os vehículos municipais, entre esas cuestións a última dicía: "Partes xerados ás compañías de seguros por golpes ou accidentes indicando data e condutor/a en o último ano."

Recibida a información o 19 de Xaneiro de 2022 comprobamos que non constan os nomes dos condutores no momento do sinistro ou golpe polo cal rogamos: infórmenenos quen era os condutores da listaxe de sinistros facilitado identificándoos.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que lle pasou toda a documentación sobre os vehículos e a que departamento pertencían. Engade que xa lle explicou que os vehículos non están asignados a persoas concretas, senón a departamentos, e que os empregan os funcionarios municipais no exercicio das súas funcións. Di que, dado que as respostas son publicadas na web, non pode identificar a funcionarios con nome e apelidos porque estaría incumprindo a normativa relativa á protección de datos, pero que lle fará chegar por escrito esa documentación.

Dona María José García Hidalgo, de C's, modifica o rogo para que se lles envíe por escrito a citada información.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, solicita que a dita documentación lle sexa remitida a todos os concelleiros da oposición. Engade que dona María Dolores Pan Lesta non pode ampararse en que os

rogos e preguntas das Comisións Informativas se publican para non contestar, pois será no momento de publicarse cando deban ser depurados os ditos datos de carácter persoal, así o indica a normativa.

Dona María José García Hidalgo di que o contido das comisións informativas é secreto, segundo o ROM.

Preguntas do PP presentadas por escrito.

- Ante a ausencia de contestación ás preguntas dirixidas polo Grupo Municipal Popular tanto no último consello escolar como no pleno ordinario do pasado mes de febreiro sen que poidamos considerar contestación o corta e pega enviado no día de hoxe, luns 21 de marzo (no que non se contesta ás nosas preguntas) exclusivamente aos membros do concello escolar, desde o mencionado grupo pregúntase ao señor alcalde:

1ª Quen é o delegado de protección de datos actualmente no noso concello?

2ª Desde que data o actual delegado de protección de datos asumiu a súa responsabilidade?

3ª Quen ten sido delegado de protección de datos no noso concello nos últimos sete anos?

4ª Cando asumiron e, no seu caso, cesaron nas súas funcións os delegados de protección de datos do noso concello nestes últimos sete anos?

5ª Cantos expedientes de protección de datos relacionados co noso concello se teñen incoado nos últimos sete anos?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, di que non hai un delegado nomeado, que do tema de protección de datos leva encargándose a secretaria municipal dende sempre, así como cada funcionario no exercicio das súas funcións. Engade que esta situación non é exclusiva de Cambre, e por iso dende a Deputación están estudando a posibilidade de ofrecer ese servizo aos concellos, como o está a facer, por exemplo, a Deputación de Zaragoza.

En relación co número de expedientes de protección de datos contesta que, se se refire a sancionadores ao Concello, ningún.

6ª Antes as dúbidas manifestadas polos nosos veciños, pregúntase ao alcalde de Cambre se está permitida a inxesta de comida e bebida nos centros sociais ou, pola contra, segue vixente a prohibición recollida nas ordenanzas municipais, máxime en tempos de pandemia.

Dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do Servizo de Desenvolvemento Asociativo, contesta que non se modificou a Ordenanza, polo que a regulación é a mesma.

Preguntas de AV presentadas por escrito

1ª Ante a toma de posesión do cargo de coordinador de Protección Civil, solicitamos os avances do departamento dende a incorporación deste novo funcionario.

Don Juan González Leirós contesta que a presente pregunta pertence á Comisión B, e que contestará por escrito dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá.

2ª Poden informar nesta comisión da convocatoria de prazas que estaban previstas de sacar para a Policía Local, tanto para o posto de policía como de oficiais.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que a vacante que había cubriuse por comisión de servizos.

Preguntas de C's presentadas por escrito

1ª Quen é a persoa DELEGADA/Ou de protección de datos designada polo Concello de Cambre?

2ª En que data designouse ao DELEGADO/A de protección de datos do Concello de Cambre?

3ª En que data comunicouse á autoridade de control a designación do DELEGADO/A de protección de datos.

4ª Cando e onde se publicitou a súa existencia a través de medios electrónicos?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que a resposta é a mesma que a do Partido Popular para as preguntas 1, 2 e 3, que non hai un delegado nomeado, e que deste tema de protección de datos leva encargándose a secretaria municipal dende sempre. Engade que, polo tanto, non se publicou.

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ, EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE

Rogos do PP presentados por escrito

1º Veciños da urbanización A Barcala presentan as súas queixas ante este Grupo Municipal Popular polas deficiencias de mantemento, reparación e asfaltado dos arredores do parque infantil existente na zona alta da urbanización, lugar frecuentado por familias con nenos, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan, demanda necesariamente unha intervención urxente.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interese do concelleiro competente se adopten as medidas necesarias para resolver os problemas advertidos á maior brevidade posible.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, acepta o rogo e di que o estudarán.

2º Varios son os sinais de tráfico que na urbanización A Barcala deben ser reparados ou visibilizados xa que, tal e como se observa nas fotografías que se achegan, ou se atopan inclinados ou se atopan ocultos tras a maleza, por poñer dous exemplos.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interese que se reparen e manteñan adecuadamente os sinais de tráfico existentes na Barcala.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, di que contestará dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, por escrito.

3º Veciños da urbanización A Barcala volven a remitirnos as súas queixas sobre a falta de limpeza nas rúas da urbanización.

Tal e como se observa nas fotografías que se achegan, á falta de limpeza das rúas, prazas e lugares públicos da Barcala, únese a proliferación do verdello, que fai máis perigoso o tránsito para os peóns, así como a sucidade e malas herbas acumulados nos alcorques da urbanización.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se solicite a adopción das medidas necesarias para resolver os problemas advertidos á maior brevidade posible.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, di que contestará dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, por escrito.

4º Como consecuencia da presentación dos nosos rogos no pasado mes de febreiro, levantouse a ocupación de espazo reservado a prazas de aparcamento diante da fachada do número 3 da rúa río Brexa, na urbanización A Barcala. Liberación que pouco durou xa que, tal e como se observa nas fotografías que se achegan, as ditas prazas de aparcamento volveron ser ocupadas polas ditas obras.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que se libere a ocupación das ditas prazas de aparcamento á maior brevidade posible.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que se retirou a ocupación de espazo por non estar habilitada a licenza, pero que, actualmente, contan de novo con ela, na zona lateral e traseira, do 15 de marzo ao 15 de abril e, na zona frontal, ata finais de marzo.

5º A pesar do compromiso adquirido para resolver os problemas de iluminación advertidos nas rúas Ramón Cabanillas, Vicente Risco e Paseo Marítimo do Temple, o certo e verdade é que a día de hoxe, tal e como se advirte nas fotografías que se achegan, os problemas subsisten, razón pola cal, desde o Grupo Municipal Popular, solicitamos que se arranxen, á maior brevidade posible, os problemas de iluminación pública advertidos.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, di que contestará dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, por escrito.

6º Así mesmo, e a vista do transcurso dos meses sen que nos sexa remitida en prazo a documentación dos expedientes incoados con ocasión das obras que se están levando a cabo nun terreo particular no lugar de Aián (expedientes non que nos atopamos constituídos en parte por esixencia irregular da Concellería de Urbanismo), desde o Grupo Municipal Popular interesamos nos sexa remitida toda a documentación que van xerando os ditos expedientes no momento do seu ditado e publicación, como parte neles.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, acepta o rogo.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, manifesta a súa vontade de que conste expresamente na presente acta que, a pesar de estar personados no expediente, non se lles está dando traslado de toda a documentación, nin notificando, nin se lles informa dos expedientes que se incoan en relación con este. Engade que nin sequera estando personados, esixencia que lles impoñen, pero que non están obrigados tendo en conta a súa condición de concelleiros.

Rogos de AV presentados por escrito

1º Hai uns meses solicitamos a revisión dos mecanismos das luminarias públicas, xa que algunhas os tiña destapados, co cableado ao aire, co risco que isto pode supoñer.

Rogamos sexan revisadas novamente, xa que son varios puntos de luz onde se repite esta situación.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, acepta o rogo.

2º Este é o estado que presenta o cartel situado no paso do parque da Igrexa á Estrada da Estación. Rogamos sexa solucionado.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que, se ben o mal estado do cartel obedece a un acto de vandalismo, xa se puxeron en contacto coa empresa responsable para que o arranxe.

3º As beirarrúas da rúa Freixo presentan un estado de abandono, presentando verdello e invasión de maleza. Rogamos o seu correspondente mantemento.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, di que contestará dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, por escrito.

4º O parque infantil, situado ao lado do pavillón Sofía Toro, nas instalacións do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, presenta moi deteriorado o seu firme, entre outras afeccións.

Rogamos se realicen os traballos necesarios para poñerlle solución ao seu estado.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, di que contestará dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, por escrito.

5º Rogamos sexa enviada unha copia do estudo de plantas invasoras a todos os grupos da oposición.

Dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, acepta o rogo.

Preguntas do PP presentadas por escrito

1ª Un mes máis seguen sendo numerosas as queixas transmitidas polos nosos veciños, sobre a ocupación de numerosas prazas de aparcamento como consecuencia da instalación de estadas, nesta ocasións na

urbanización A Barcala, como consecuencia das obras que se están a levar a cabo na fachada do edificio existente no número 6 da rúa Río Mero, tal e como se observa nas fotografías que se achegan, razón pola cal desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente:

- Data de inicio e fin da autorización de ocupación de dominio público no dito emprazamento.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, di que se trata dunha ocupación da vía pública tramitada por comunicación previa, sendo o último período de ocupación do 22 de decembro de 2021 a 22 de febreiro de 2022. Engade que xa se lles solicitou a retirada da ocupación e a regularización das taxas.

2ª Importe das taxas abonadas pola empresa autorizada pola dita ocupación do dominio público.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que o importe das taxas aboadas é de 1.026 euros.

3ª Varios son os meses, por non dicir anos, que o Goberno local de Cambre e en particular o seu concelleiro de Urbanismo se comprometeron con gran despregue mediático ao derrubamento dun edificio nos Campóns. Non obstante tal e como aparece na fotografía que se achega, o dito edificio segue en pé.

De aí que desde o Grupo Municipal Popular, descoñecendo cando se vai derrubar, pregunta ao concelleiro de Urbanismo: Que ocorreu para que o dito edificio non estea xa derribado?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, di que, como xa se expuxo no asunto incluído na orde do día relativo ao suplemento de crédito, o procedemento de contratación incoado para o efecto foi declarado deserto por non presentar debidamente a documentación previa á adxudicación ningunha das dúas empresas licitadoras.

4ª Tras a urbanización da contorna do Campo da Feira na que se incluíron os terreos da denominada "Finca Molina", situada nos arredores da casa do concello de Cambre, onde se ten habilitado unha zona de aparcamento, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente se o expediente expropiatorio do dito terreo xa se atopa finalizado na súa totalidade, co pago das indemnizacións ou prezo xusto a todos os seus propietarios incluído.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que si está executado, se ben se lles requiriu tres veces a documentación aos propietarios e non foi presentada.

5ª Nos últimos días, os veciños de Cambre advertimos a talla dun dos plátanos que balizan a estrada da Estación de Cambre, lugar que, xunto co Campo da Feira municipal, comprende un dos lugares do noso municipio que concentra maio número de exemplares desta especie arbórea. De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se pregunte á concelleira competente en materia de Medio Ambiente, cando se van repoñer as árbores que caeron ou foron retiradas e aínda non substituídas nestes dous lugares emblemáticos de Cambre?

Dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta que no Campo da Feira non hai ningún sen repoñer, e os da Estrada da Estación pertencen á Deputación Provincial.

6ª Instalada unha nova fonte no Camiño Inglés a Santiago ao seu paso polo noso municipio, dentro do proxecto Life Water Way, no que participan a Comisión Europea, a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial e o Instituto Tecnolóxico de Galicia, xunto coa Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas-Betanzos”, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente cal foi a intervención do Concello de Cambre na instalación desta nova fonte.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta que se colaborou elixindo lugar, tramitando as autorizacións pertinentes (ao Arcebispado, titular do terreo, así como á Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta), facilitando os traballos de instalación da fonte, asumindo os custos derivados da súa conexión á rede de abastecemento de auga potable, etc.

Preguntas de AV presentadas por escrito

1ª A semana pasada puidemos ver como unha árbore da estrada da Estación foi tallada. Queríamos coñecer se non había algunha solución sen chegar á súa talla?

Dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta que non foi tallada, que se arrancou e non foi posible o seu arranxo.

2ª Dado o impulso de plantación de árbores que nos anunciaron ao inicio de ano. Queríamos saber se se realizou algún tipo de actividade o día mundial da árbore?

Dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta que non se realizou ningunha actividade concreta nesa data.

3ª Queríamos coñecer que actuación se ten planificada no anfiteatro xa que esta sinalización leva semanas.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que se deixou o cadro para a festa, e que por iso se colocou un valo, pero que non se celebrou nada alí.

4ª Cando foron levadas a cabo as últimas revisións e actuacións en marquesiñas?

Don Juan González Leirós di que contestará dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, por escrito.

Preguntas de EU presentadas de forma oral

1ª No expediente TEdC 2017/C006/000005 que no seu día me foi remitido, a documentación non está numerada, e os pdf que achegan numerados non teñen a súa numeración correlativa. Cales son os documentos que presuntamente forman parte del pero que non aparecen na numeración?



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1.pdf
2.pdf
6.pdf
7.pdf
8 (2).pdf
8.pdf
9.pdf
10.pdf
11.pdf
12.pdf
13.pdf
14.pdf
15.pdf
16.pdf
18.pdf
19.pdf
20.pdf

2ª No expediente de expropiación de dúas parcelas en Cela, actualmente en exposición pública, tívose en conta a sentenza do Xurado Provincial de Expropiacións relativa ao ámbito do PEID A Barcala- Lendoiro?

3ª Atendendo ao informe de Secretaría relativo ao expediente TEdC 2017/C006/000005, no que afirma que, no relativo á adquisición directa dun terreo de uso público en Cela:

Por todo o exposto:

Si se entende que e de aplicación o apartado 1 do citado artigo teñen a valoración realizada por José Ramón Díaz Barbeito que estima o valor do solo en 18.76 €/m²; se fora de aplicación o apartado 2 e a valoración se debera axustar a normativa específica de expropiacións estimase este valor en 5 €/m².

4ª Por que no caso da adquisición, e tal e como indica o informe de Secretaría, a valoración é de 18,76€ pero non se utiliza o mesmo informe e criterio da mesma Secretaría, cando no expediente de expropiación non se acolle ao axuste desa normativa específica de expropiacións e aplícase o valor de 5€/m²?

A) FINCA: PENA-CELA (Cambre)	
Referencia catastral	4435908NH5943N0001YE
Localización	Lugar de Pena, Parroquia de Cela Ayuntamiento de Cambre Provincia A Coruña
Uso	Agrario.-Pradera implantada con pastizal Clasificación urbanística: Rústico de protección ordinaria
Superficie	2061 m ²

En 2021 contratouse un proxecto de expropiación por taxación conxunta das dúas fincas catastrais a expropiar en Cela.

PROYECTO DE EXPROPIACIÓN POR TASACIÓN
CONJUNTA DE LAS FINCAS CON REFERENCIAS
CATASTRALES
4435001N15043N00015E
4435010N15043N00015E



Autor: José Manuel Rando Naya (ingeniero técnico agrícola, colegiado 1.800)
José Antonio Taboada Castro (técnico de inspección y administración)
Fecha: Octubre de 2021.

A nome de que persoa foron formalizados e asinados ambos contratos?

5ª Quen é a persoa responsable ou que toma a decisión de expropiar so as superficies contempladas no proxecto e non a totalidade das parcelas que contempla o PEID e con base en que criterio?

6ª A edificación sociocultural executada en Cela axústase ao artigo 39 da Lei do solo de Galicia, concretamente no relativo ao seu apartado d, 3º e 7º e apartado e)?

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

Rogo de AV presentado por escrito

Único. Son anos que a cristaleira do pavillón polideportivo Sofía Toro está rota. Rogamos se poña solución, xa que o aspecto desmerece moito a instalación deportiva.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, acepta o rogo e di que tratará de substituílas en canto sexa posible, se ben, engade, que aínda que o aspecto non é o adecuado, dadas as súas características, continúan a ser seguras para a práctica deportiva.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/1461, o día 21 de marzo de 2021, xunto cos rogos e co resto das preguntas presentados para as comisións informativas.

- Nos últimos meses, os diferentes grupos políticos con representación na Corporación municipal, á vista dos problemas existentes coa prestación do servizo de axuda no fogar en xeral, e en particular coa prestación deste servizo aos familiares dunha das súas veciñas (Pepi), témonos interesado sobre distintos aspectos deste servizo, á vista do cal e tras o tempo transcorrido, desde o Grupo Municipal Popular preguntamos á concelleira competente:

1ª En que estado se atopa a nova contratación deste servizo?

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta que se atopa no estudo da documentación previa á adxudicación.

2ª Condicións e desenvolvemento da prestación do servizo neste *interim*.

Dona Lúa Sanguiñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta que as mesmas nas que se ven prestando o servizo dende a súa adxudicación.

3ª Que servizos de axuda no fogar se están prestando aos familiares de Pepi nos últimos meses?

Dona Lúa Sanguiñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta que os que están previstos no proxecto de intervención.

- Nos últimos meses, usuarios do centro da terceira idade da Barcala, puxeron en coñecemento dos servizos municipais as deficiencias do servizo de calefacción do dito local municipal. Descoñecendo este Grupo Municipal Popular as medidas adoptadas pola concelleira competente ao respecto, desde este pregúntase:

4ª Que medidas se teñen adoptado para resolver os problemas de calefacción advertidos?

5ª Horario da posta en funcionamento e desconexión no dito local social municipal da calefacción.

Dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, di que son coñecedores deste problema e que está a empresa de mantemento intentando arranxalo.

Don Daniel Mallo Castro engade que na última avaría, con motivo do seu arranxo, tivo que deixarse en funcionamento o sistema fóra de horario.

6ª Neste Ano Santo 2022, pregúntase ao concelleiro competente cales son as actividades e actuacións levadas a cabo neste primeiro trimestre do ano 2022 no noso municipio con ocasión do dito evento.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta que ningunha.

Preguntas de AV presentadas por escrito

1ª En que punto está a mellora do complexo deportivo da Barcala que foi anunciada hai xa case un ano?

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, di que saíu a licitación esta mellora o ano pasado, pero quedou deserta. Engade que, analizadas as causas, entenden que obedeceu á incesante suba de prezos, que chegaron a encarecer en máis dun 40% as actuacións a realizar nalgunhas partidas, e que, en canto teñan preparada a nova proposta axeitada á situación actual, volverase a licitar.

2ª Que avances hai dende o pasado ano na apertura do CIM?

Dona Lúa Sanguiñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta que ningún.

3ª Sobre a nova empresa concesionaria do SAF:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Cando iniciará a dar o servizo?
- Como se vai controlar o cumprimento das condicións das traballadoras e das condicións do servizo?

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta que non pode ofrecer unha data exacta, e que no prego de prescricións técnicas prevese unha reunión trimestral cos axentes implicados para o seguimento do contrato.

4ª Hai meses díxose nunhas comisións que se estaba a facer un estudo para valorar os horarios das bibliotecas. En que quedou o dito estudo? Hai algunha previsión de ampliar os horarios?

Dona Mónica Germade Varela, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, contesta que resulta inviable a ampliación de horarios.